

## **María do Carme García-Negro**

María do Carme García-Negro, nativa de Lugo é Doutora en Economía, Especialista en Economía Pesqueira, Directora do Postgrao Propio da Universidade de Santiago de Economía Pesqueira e do Máster de Economía Pesqueira da USC. Actualmente é Profesora Ad Honorem da Universidade de Santiago de Compostela.

Autora de numerosas obras: libros de Economía de Galicia, de Economía pesqueira, artigos sobre economía aplicada, economía de xénero e economía pesqueira en publicacións nacionais e internacionais. Conferenciante en Congresos, Simposios, Xornadas da súa especialidade, así como docente invitada a outras Universidades e Centros de Investigación. Directora de tesis de Doutoramento de antes e de despois de Bolonia, Investigadora Principal e colaboradora en diversos proxectos de Investigación de Galiza, españoles e da UE. Membro asesor de fundacións de interese pesqueiro de ámbito español e/ou comunitario.

Aparte de profesora e investigadora tamén é escritora, levou a cabo diversos proxectos e traballos sobre a figura das mulleres; e as súas grandes liñas de investigación centranse na economía de Galicia, economía pesqueira e estudos de xenero, enerxía, recursos naturais e medio ambiente. Membro da ponencia de pesca do proxecto de investigación "Galicia-2000". Unha experta en materia pesqueira donde entre outros traballos podemos destacar: Censo das industrias de primeira transformación pesqueira; comercialización da pesca no mercado único; estudio económico-empresarial (1992); o proxecto Análisis económico das industrias de conservas e semiconservas de pescados e mariscos españoles; Táboas Input-Output 1995 do sector pesqueiro galego-conserva. Informe da avaliación económica dos danos producidos pola marea negra do "Aegean Sea" (1994-99), Táboa Input-Output pesca-conserva galega 1999 (2000-2001), e Táboas Input-Output 2000 (en termos físicos) da enerxía en Galicia.